

EL IMPERIALISMO NAPOLEÓNICO

Napoleón inaugurou o período coñecido como Consulado, que tiña como obxectivo asentar as conquistas da revolución burguesa. Así, levouse a cabo unha reforma administrativa e carácter centralista coa creación da figura dos preceptos, que facían cumprir as ordes do emperador en tódalas provincias. Ademais, promulgouse un código civil que racionalizaba e un que miraba tódalas leis anteriores e se reformou a Facenda pública e mais o sistema de ensinanza.

ESQUEMA.-

- ¿Cómo chegou Napoleón o poder?
- Reformas mais importantes que fixo Napoleón
- A expansión do Imperio Napoleónico.
- Os cen días
- Napoleón militar
- A obra política de Napoleón
- A arte do Imperio (David, Canova)
- España antes de que a invadira Napoleón
- Napoleón en España(1808–1814)
- A caída do Imperio Napoleónico
- O que fixo Napoleón durante a súa vida
- Biografía de Napoleón

1.¿CÓMO CHEGOU NAPOLEÓN O PODER?.-

Antes de que Napoleón estivera no poder estaba un grupo de persoas que se lles chamou o Directorio.

O Directorio se trataba de un grupo da alta burguesía que volveu a tomar de novo o poder. Contra este goberno do directorio destaparase unha oposición forte por parte de dous grupos: por unha banda os aristócratas, que ansiaban volver o Antigo Réxime; por outra banda as clases populares que demandaban o sufraxio universal e querían unha verdadeira democracia. Este ambiente de oposición o goberno leva a moitas revoleas contrarias o goberno. Estas revoleas, unidas a guerra que seguía co enemigo exterior leva a que cada vez mais o exercito se converta nun enemigo exterior leva a que cada vez mais o exercito se converta nun elemento para manter a orde e para manter o goberno do directorio.

Dentro do exercito empeza a destacar mais a figura dun xoven xeneral: Napoleón Bonaparte. Este home, animado pola burguesía da un golpe de estado no ano 1799, derriba o directorio e asume persoalmente o poder do país.

2. REFORMAS MAIS IMPORTANTES QUE FIXO NAPOLEÓN.-

As reformas mais importantes que adoptou Napoleón son as seguintes :

1.Decretou unha amnistia, que supuxo o retorno de moitos exiliados.Estas persoas eran na súa maioría nobres o da alta burguesía que se marcharon para outros países cando os xirondinos tomaron o poder porque iban a por eles para executa-los na guillotina.

2. Recoñeceu o catolicismo como relixión da maioría dos cidadáns franceses, e firmou o Concordato co Vaticano(1801), polo que o Papa recoñecía a República e a venda dos bens eclesiásticos, mentres que Napoleón comprometíase a manter o clero.

3. Creou o Banco de Francia e a nova moeda: o franco.
4. Promulgou o código civil (1804).
5. Realizou unha forte centralización administrativa e unha organización territorial que aínda se mantén na actualidade.
6. Organizou as finanzas centralizando as contribucións.
7. Transformou o ensino nun servizo público.
8. Adoptou medidas de asistencia social como a prohibición da vagancia e a mendicidade. Napoleón non lle gustaba as persoas que andaban pola calle sen refuxio e adoptou as medidas de centros de asistencia social para que as persoas que non teñan onde estar nin que comer vallan a ese sitios e teñan onde refuxiarse e onde comer algo.
9. Controlou a liberdade de prensa.

3. A EXPANSIÓN DA IMPERIO NAPOLEÓNICO.-

Co fin de afianzar a súa posición en Europa, Napoleón puxo en práctica unha vasta rede de alianzas políticas e diplomáticas que, xunto ás vitoriosas campañas militares logradas grazas a un exército absolutamente fiel á súa persoa, conseguí fortalecer e expandir o novo imperio.

En efecto, a partir de 1801, cando Austria viuse obrigada a recoñecer o fronteira do Rin, comezou unha carreira imparable de conquistas territoriais que ensancharon de maneira extraordinaria as fronteiras imperiais. Os estados conquistados quedaban entón vinculados ó imperio mediante á entronización neles dunha serie de dinastías familiares que articulaban un complexo sistema federal rexido dende París.

Entretanto, Inglaterra seguía sendo a gran enemiga de Francia. A alianza con España pareceu que ía a permitir a invasión de Gran Bretaña; sen embargo, a derrota da armada hispanofrancesa en Trafagar (1805) deu ó traste coas pretensións do emperador, que se resarceu delo decretando contra Inglaterra o *bloqueo continental* (1806), é dicir, a prohibición do comercio entre o continente e os portos británicos co dobre obxectivo de debilitar a economía británica e substituír as súas mercadorias polas francesas.

No continente, mentras tanto, a victoria de Austrelitz (1805) sobre os exercitos de Austria e Rusia permitía a continuidade da expansión francesa. Napoleón contaba, ademais de cun extraordinario xenio militar, coa vontade nacional de impor un novo modelo social e político en Europa. Xunto cos exercitos napoleónicos, cegaban ós estados europeos a abolición do

feudalismo, a venda dos bens eclesiásticos, a promulgación de códigos civís e, en resume, tódolo que quedaba do espírito revolucionario na Francia napoleónica.

En 1807, os exercitos napoleónicos penetraron en Rusia e, ó ano seguinte, en España, onde a acción da guerrilla non permitiron que se cumpriran os plans que Bonaparte tiña para a península ibérica. Sen embargo, no fronte austríaco, as vitorias francesas de Eylau e Friedland (1807) e as de Wagram e Aspern (1809) obrigaron a Francisco I a firma-la paz de Viena (1809). Un ano máis tarde, a alianza con Austria reforzabase co matrimonio do emperador e María Luisa de Habsburgo (1791– 1847), filla de Francisco I de Austria.

Así, en apenas cinco anos, Napoleón converterase no dono de Europa. Non obstante, a alianza con Austria ía ser efímera. En 1810, ante a suspensión do bloqueo continental polo Zar de Rusia, Napoleón invadiu aquel país. A campaña de Moscú (1812), iniciada de maneira triunfal grazas á victoria de Borodino, coincidiu con

dificultades de aprovisionamento, un frío intenso e un exercito menguado – xa que un número elevado de tropas hallabase en España– e acabou cunha penosa retirada. Poucos meses máis tarde, Austria rompeu a súa alianza e, xunto a Rusia e Prusia, derrotou a Napoleón en Leipzig (1813) e, mentras os británicos desembarcan en Burdeos, os exercitos aliados acosaban ó emperador ata as portas de París.

Neste estado de cousas, Napoleón viuse obrigado a abdicar en Lois XVIII, irmán de Lois XVI, quen, a pesar de representar a tradición monárquica máis conservadora, aceptou sen máis o novo contexto político e, salvo de paréntesis dos cen días, mantivo un goberno sólido ata 1824.

4. OS CEN DÍAS.–

Napoleón comprometerase, polo tratado de Fontainebleau (1814), a abdicar e a retirarse á illa de Elba; sen embargo, se lle seguía recoñecendo o título de emperador e contaba coa fidelidade dun amplo sector da opinión pública francesa, que o identifica coa época máis próspera do país. Non lle resultou difícil, polo tanto, mentras as monarquías aliadas decidían o futuro de Europa no Congreso de Viena, cegar ata París e recuperar o poder durante pouco máis de cen días.

En desposta, os exercitos aliados reorgaizáronse de inmediato e, o 17 de xuño dese mesmo ano, na llanura de Waterloo (Bélgica), as tropas bonapartistas sufriron a derrota definitiva. Napoleón viuse enton forzado a abdicar de novo e a exiliarse definitivamente na illa de Santa Elena, onde morreo seis anos máis tarde.

5. NAPOLEÓN MILITAR.–

O exército foi o instrumento político fundamental de Napoleón. O exercito cullo elemento central– la Grande armée– chegou a contar con cerca de 600000 homes en Xulio de 1812 e en que os corpos de soldados extranxeiros (italianos, polacos, alemáns) adquiriron cada vez maior importancia, ata cegar á metade do total, a medida que o reclutamento de franceses mostrábase incapaz de cubrir as súas baixas. Un exercito cada vez máis profesionalizado, en que os soldados viaxaron coas súas esposas, e que devastaba as terras por onde pasaba o obriga–las a manter estas enormes masa de homes. Na súa forma de utilizalo solese destaca–la novidade e eficacia do uso da artillería, conducida ata zonas moi avanzadas, dende as que podía destrozar á infantería enemiga; a gran mobilidade dos seus exercitos– que

non estaban suxeitos ás rixidas regulacions das maniobras tradicionais; a flexibilidade do seu planteamento dunha batalla– non facía plans estratéxicos, senon preparacións estratéxicas–que lle permitía reaccionar con rapidez ante unha situación concreta, buscando nun imprevisto movemento envolventen unha momentánea superioridade de forzas que lle permitise dar un golpe de estado decisivo. Todo elo ó servizo dunha concepción da guerra que se basaba en forzar ó inimigo a unha batalla decisiva en que poidese aniquilar as súas forzas, co fin de obrigarlle a rendirse, sen os costes e o desgaste dunha campaña de ocupación do territorio. Co tempo, sen embargo, os seus inimigos aprenderon de el, de modo que lle foi cada vez máis difícil sorprendelos.

6. A OBRA NAPOLEÓNICA MILITAR.–

En Francia, Napoleón, consolidouse as reformas burguesas iniciadas pola revolución e continuadas polo Directorio. Tal é o caso da promulgación do Código Civil, completado en 1804 e rebautizado en 1807 como Código de Napoleón, que culminaba unha tarefa de complicación iniciada pola convención en 1791. De 1801 a 1804 e se aprobaron as trenta e seis leis que o integraban, que conservaban as conquistas substanciais da Revolución– igualdade dos cidadáns, laicismo do estado, liberdade de conciencia, liberdade de traballo, igualdade de dereitos dos fillos respecto á herencia, etc.– e reforzaban a protección da propiedade privada e da familia tradicional, no que hai que ver–la influencia persoal de Bonaparte. En Santa Elena, éste diría que a súa gloria verdadeira non residía en haber gañado sesenta batallas senon no seu código civil.

O peso das assembleas foi cada vez menor. O tribunado foi suprimida en 1807, e o Corpo legislativo estivo a punto de velo. O senado procurou molestar pouco, e só o consello de estado parece haber conservado funcións de certa importancia. A verdade é que nestos anos Napoleón tendeu a decidir persoalmente tódolo que tiña algunha importancia.

O esencial do seu programa económico eran a preocupación por asegurar o abastecemento e os prezos dos alimentos e os estímulo para o desenvolvemento da empresa burguesa. Pero se no primeiro alcanzou pleno éxito– e elo aude a explicar o apoio que lle deron os campesinos e as clases populares urbanas–, os resultados no terreo da industria son máis discutibles. Para dar estabilidade á economía fixaron polas leis características do chamado franco de germinal (7 de xerminal do ano XI, 28 de marzo de 1803), cuxo valor ía permanecer estable durante os seguintes 123 anos, e se creou o Banco de Francia, que anticipaba diñeiro ó estado e descontaba efectos comerciantes de París.

Un dos terrenos en que a labor bonapartista resultou máis fecunda foi o da ensinanza. En 1806 creouse a Universidade imperial, que debía controlar a secundaria. Que se daba nos lycées estables, destinados a formar funcionarios, cunha disciplina semellante á das escolas militares– e a universitaria. A realidade, sen embargo, foi que as escolas privadas, e moi en esencial as eclesiásticas, acabaron gañando a partida ás estables.

Máis espectacular pola súa singularidade, pero menos transcendentales polas súas consecuencias, foi a creación dunha serie de institucións imperiais. Se o establecemento da lexión de honor (1802), concebida como base dunha aristocracia do mérito, e os dos mariscais do Imperio (1804) tiñeron boa acollida, non pode decidirse o mesmo da pobreza imperial. O decreto do 1 de marzo de 1808 restablecía as vellas denominacións nobiliarias, a excepción das vizcondes e maqués, se ben pretendía facelas compatibles coa igualdade ante a lei ó negar ós agraciados privilexios e exencións.

A verdade é que, se as leis mantiveron en teoría a igualdade revolucionaria, a práctica do goberno napoleónico creou unha clase girixente integrada por vellos e novos propietarios: a antiga aristocracia terrateniente e a burguesía de negocios. Ó marxe das anécdotas sobre soldados de orixe humilde que cegaron a ser mariscais, duques, ou reis (como Murat), a sociedade da Francia napoleónica era plutocrática e o ascenso social resultaba casi tan difícil nela como na monarquía anterior á Revolución.

A acción da Francia revolucionaria, primeiro, e a de Napoleón, máis tarde, chegou aparelados tantos, e en ocasións tan fugaces, cambios de fronteiras en Europa que é posible segui-los aquí en detalle.

7. A ARTE DO IMPERIO (DAVID, CANOVA).–

Durante esta etapa o movemento que predomina é o do Neoclasicismo

1. Neoclasicismo.–

Tradicionalmente alúdese ó Neoclasicismo como movemento que xorde na segunda metade do século XVII, supoñendo unha reacción contra o Barroco e o Rococó. Propugna a volta á Antigüidade, grecorromana, apoiándose nos escritos de teóricos como Winckelmann que publica, en 1764, Historia da arte da Antigüidade, onde afirma a superioridade da arte grega como modelo de beleza. A ese culto tamén contribuíría Piranesi, que exalta a arquitectura romana nos seus gravados.

1.1. A arquitectura.–

As teorías arquitectónicas neoclásicas, como de Lodoli e Milizia, propugnan a correspondencia lóxica entre forma e función, o equilibrio e a sobreidade ornamental, primando os elementos arquitectónicos.

Prodúcese un criterio racional do medio urba, que agora desenvolve unha fisionomía civil, erixíndose museos,

teatros, bibliotecas, hospitais, etc., trasladándose o centro de gravidade dos edificios religiosos ós civís. Na cidade búscase unha uniformidade estilística, acorde coa orde social e froito tamén da formación académica dos artistas.

1.2.A escultura.-

Caracterízase polo seu culto ás obras conservadas da Antigüidade clásica; o mármore branco é o material por excelencia, introducíndose na temática mitolóxica e nos retratos heroicos.

A contención das emocións orixina unha produción onde se elimina o movemento brusco, privilegiándose a concepción frontal; a austeridade, intelectualización da beleza e a subordinación ós modelos antigos conducen a unha estética que produce unha sensación de frialdade e distanciamento do espectador, limitándose á perfección formal.

CÁNOVA.-

Orfo de pai ós tres anos, lexos da súa nai e en situación económica precaria, creceu baixo a tutela do seu avó, vendeu parte das súas terras para costear ó seu neto unha formación en Venecia. Ca-nova pondría o seu rostro do seu avó na súa obra veneciana máis importante, Dédalo e Ícaro. Foi discípulo dos escultores Torrente e Ferrari, e en 1779, foi pensionado a Roma, onde dedicouse ó estudo das obras da antigüidade clásica. No seu estilo observanse dous períodos: un xuvenil, veneciano ligado á plástica tradicional do século XVIII; outro de madurez, inspirado nas obras clásicas e que se indica co traslado do artista a Roma. Esculpiu o mausoleo do Papa Clemente XIII, As tres Gracias, a Magdalena penitente, etc. Foi a Viena, onde recibiu o encargo do mausoleo de María Cristina. Regresou a Roma onde esculpiu o Perseo e Os Loitadores. Chamado a París por Napoleón esculpiu dos bustos do emperador e dúas estatuas colosais do mesmo, de pé, desnudo, unha en bronce e outra en mármore, o busto de Leticia nai de Napoleón, e a estatua de Paulina Bonaparte como Venus, a súa obra maestra.

1.3.A pintura.-

Devido á escaseza dos restos pictóricos da Antigüidade clásica, a pintura baséase na escultura e na perfección formal de autores como Rafael e Corregio; por iso o debuxo predomina sobre a cor nunhas composicións de sentido escultórico que normalmente se enmarcan en fondos arquitectónicos. Por outro lado atopámonos con artistas de formación académica, o que se reflectirá na produción. A temática céntrase nos retratos, temas mitolóxicos de alto contido ideolóxico.

DAVID.-



Pintor francés (París 1748– Bruselas 1825). Fundador e Xefe da escola neoclásica, sobresaíu durante a

Revolución e baixo o Primeiro Imperio. Na época que estivo en Roma pertence a obra Antíoco e Estratónice. No seu segundo viaxe pintou O Xuramento dos Horacios. Amigo de Robespierre, foi arrastrado na súa caída e encarcerado; dende a ventá do seu encerro pintou O xardin de Luxemburgo. Liberado definitivamente, foi nomeado membro do Instituto, e se convertiu no retratista oficial do xeneral Bonaparte. En 1814, expuso no seu taller Leónidas nas Termópilas, lienzo no que traballou máis de catorce anos.

8. ESPAÑA ANTES DE QUE A INVADIRA NAPOLEÓN.-

O poderoso Imperio español, gobernado dende 1788 por un bondadoso e debil monarca, Carlos IV, unha raíña veleidosa. Marí Luisa de Parma, e Godoy, un valido inexperto e odiado por gran parte do pobo e a nobreza era, aparentemente, presa fácil para Napoleón.

A política española verase seriamente afectada polo fenómeno revolucionario francés. Primeiro, a actitude da corte foi defensiva: cerráronse as fronteiras con Francia e rompeuse a alianza franco-española. Cando Lois XVI foi condeado a morte, Manuel Godoy utilizou tódolos medios, dende a diplomacia ó soborno, para salvar a vida do rei francés; o fracasar tódolos intentos pacíficos, estalou a guerra da Convención (1793-1795) que foi, especialmente para os cataláns, como unha guerra santa; atacaban ós enemigos da relixión e do rei, e recuperaban terras de máis alá das fronteiras; antigos territorios de Cataluña perdidos na paz dos Pirineos(1659).

A unhas iniciais victorias seguen derrotas tan sonadas como a que fai caer Figueiras en mans dos franceses, así como varias prazas do País Vasco. Firmase a paz e en 1796, polo tratado de San Ildefonso, España volve á política que conseguíase durante o século XVIII, determinada polos pactos de familia, e converteuse en aliada de Francia, que necesitaba a frota española, en teoría a segunda do mundo, para combater a Inglaterra.

Esta situación fai que España loite en tres guerras ó lado dos franceses e que a súa escuadra sexa destruída, primeiro, en 1797 (batalla de Cabo San Vicente) e, despois e definitivamente, en 1805 (batalla de Trafalgar) a mans da armada inglesa mandada por Nelson.

O momento en que a alianza franco-española converteuse en imprescindible para Napoleón foi en 1802, cando, desecando o bloqueo continental contra Inglaterra, intentou dominar Portugal.

España, comprometida polo seu tratado con Francia, declarou a guerra a Portugal e, aunque como resultado daquela guerra de as Naranjas anexionárase a poboación de Olivença.

Francia co pretexto de que ía invadir Portugal, estableceuse nos puntos máis estratégicos do país.

Na corte, un grupo de enemigos de Godoy, encabezado polo Príncipe de Asturias, organizou unha conxura, a do Escorial, que fracasou ó penetrar as tropas francesas en Madrid; o mesmo que un intento de retirada a América da familia real, preparado por Godoy: a noticia corre entre o pobo e estala o Motín de Aranjuez, que obriga ó rei a abdicar no seu fillo Fernando.

Esta situación trastocou os plans do emperador, que é xa virtualmente o dono do país, da corte e das persoas reais.

Sumisamente, Carlos IV e o seu fillo Fernando acuden a Baiona convocados por el e, o parecer, nunhas bochornosas escenas, Fernando devolve a coroa o seu pai e éste renuncia a favor de Napoleón, que a entrega ó seu irmán; España é, dende ese momento unha parte máis do Imperio.

9. NAPOLEÓN EN ESPAÑA (1808-1814).-

Este réxime non contou coa aprobación popular. Ante o rumor de que a familia real fora retida en Baiona

contra a súa vontade, o 2 de maio de 1808 o pobo de Madrid amotinouse e o levantamento xeneralizouse rapidamente no resto do Estado.

Dende ese momento, a guerra constituíu, ademais, unha loita pola independencia nacional. Así o vacío do poder creado pola ausencia da familia real e o afrancesamento da nova autoridade constituída deron orixe á creación dunhas xuntas de goberno provinciais coordinadas por unha xunta central, que dirixiu o país e as operacións militares, ó mesmo tempo que se convocaban Cortes Constituintes en Cádiz.

Mentras tanto, a guerra contra Napoleón inaugurábase larga e difícil. Pese a que éste sufriu en España a súa primeira derrota en campo aberto (Bailén, 1808), o certo é que o exercito francés era o mellor preparado de Europa e as súas técnicas de combate as máis modernas. Coa axuda das tropas británicas mandadas polo duque de Wellington (1769–1852), a resistencia española organizouse en forma de pequenas partidas de homes (guerrillas), quenelles, bos coñecedores do terreo e apoiados polo xente do pobo, planeaban pequenas accións que ían minando a moral das tropas francesas. Xunto a elo, o inicio da guerra contra Rusia, que obrigou a Francia a desprazar unha boa parte do seu exercito, inclinou a batalla a favor dos españois.

As cortes de Cadix servirían para enfrentar definitivamente a liberais e absolutistas. Os primeiros as veían como unha ocasión excepcional para reformar o país en profundidade. Os últimos, polo contrario, como un medio para abastecer as liñas directrices da guerra e facilitar así o retorno do monarca. Por fin, a maioría liberal impusose e, o 19 de marzo de 1812, aprobouse a primeira constitución española. Sen embargo, en 1814, o regreso de Fernando VII e, con el, o retorno o absolutismo darían ó traste coa esperanza de reforma liberal que propiciara o proxecto constituinte.

10. CAÍDA DE NAPOLEÓN.-

A alianza de Bonaparte co Tsar Alexandro I quedou anulada en 1812 e Napoleón emprendeu unha campaña contra Rusia que terminou coa trágica retirada de Moscú. Despois deste fracaso, toda Europa uniuse para combatalo e, aunque loitou con maestría, a superioridade dos seus inimigos imposibilitou a súa vitoria. Os seus mariscais negáronse a continuar combatindo en abril de 1814.

Ó ser rechazada a súa proposta de renunciar ós seus dereitos en favor do seu fillo, hubo de abdicar, permitíndolle conservar o título de emperador e otorgándosele o goberno da illa de Elba. María Luisa e o seu fillo quedaron baixo a custodia do pai de ésta, o emperador de Austria Francisco I, e Napoleón non volveu a velos nunca, a pesar do seu dramática reaparición. Escapou de Elba en marzo de 1815, chegou a Francia e marchou a París tras vencer ás tropas enviadas para capturarlle, iniciándose o período denominado dos Cien Días.

Establecido na capital, promulgou unha nova Constitución máis democrática e os veteranos das anteriores campañas acudiron a súa chamada, comezando de novo o enfrentamento contra os aliados. O resultado foi a campaña de Bélxica, que concluíu coa derrota na batalla de Waterloo o 18 de xunio de 1815.

En París as multitudes lle imploraban que continuara a loita pero os políticos lle retiraron o seu apoio, polo que abdicou en favor do seu fillo, Napoleón II. Marchou a Rochefort onde capitulou ante o capitán do buque británico *Bellerophon*. Foi recluído entón en Santa Elena, unha illa no sur do océano Atlántico. Permaneceu alí ata que faleceu o 5 de maio de 1821.

11. O QUE FIXO NAPOLEÓN DURANTE A SUA VIDA.-

ANO	ACONTECEMENTO
1769	Nace o 15 de agosto en Ajaccio (Córcega).
1785	Finaliza os seus estudos na Escola Militar de París.
1793	Ascende a xeneral de brigada, por méritos de guerra.

1795	Salva á Convención Nacional (o goberno revolucionario republicano francés) dunha insurrección parisina.
1796	Contrae matrimonio con Josefina de Beauharnais. É nomeado comandante dos exércitos franceses en Italia, onde obtiene numerosas conquistas.
1798	Conquista de Exipto.
	Fracasa na conquista de Siria e regresa a Francia.
1799	<i>Noviembre</i> : os días 9 e 10 encabeza un golpe de Estado (o de brumario) que derroca ó Directorio e establece o Consulado. É nomeado primer cónsul, co que pasaba a ser o principal gobernante de Francia, con poderes dictatoriais.
1800	Derrota ós austriacos na batalla de Marengo. Consolida as súas conquistas territoriais no norte de Italia. Ordena o comezo da redacción da codificación dos dereitos fomentados pola Revolución Francesa: o Código de Napoleón.
1802	Convertese en cónsul vitalicio.
1804	Proclamase emperador.
1805	Derrota ós austriacos e ós rusos na decisiva batalla de Austerlitz.
1806	Nombra ós seus irmáns reis de Holanda e de Nápoles, proclamase a sí mesmo rei de Italia, establece a Confederación do Rin (que quedará baixo a súa protección) e pasa a controlar Polonia. Decreta o chamado Sistema Continental co obxectivo de bloquear o comercio británico e levar así a esa nación á bancarrota.
1807	Invade Portugal.
1808	Converte ó seu irmán no rei de España como Xosé I. Comezan as guerras da Independencia española e portuguesa, que se prolongarán seis anos e enfrontarán na península Ibérica ás forzas napoleónicas cos británicos e os exércitos dos respectivos países en conflito.
1809	Derrota ós austriacos en Wagram e crea as Provincias Ilirias.
1810	O Imperio napoleónico obtén a súa máxima extensión. Tras repudiar a Josefina, se casa coa archiduquesa de Austria María Luisa, filla do emperador austriaco Francisco I. O fillo de ambos nace ó ano seguinte (Napoleón II) e é nomeado rei de Italia.
1812	Emprende a infructuosa campaña de Rusia. A súa retirada desastrosa ás portas de Moscú coincide coa unión de toda Europa contra Napoleón.
1814	Abdica e se dirixe ó seu exilio da illa mediterránea de Elba.
1815	Escapa de Elba e, tras marchar sobre París, da comezo ó seu período de goberno coñecido como dos Cen Días. É definitivamente derrotado na batalla de Waterloo, o 18 de xunio. Reclúese, pouco despois, na illa atlántica de Santa Elena.
1821	Fallece en Santa Elena, o 5 de maio. 19 anos despois, os seus restos serán trasladados a París e enterrados con grandes honores.

13. BIOGRAFÍA DE NAPOLEÓN.-

Emperador, estadista e xefe militar, nacido en Ajaccio, en Córcega, cando era territorio de Francia. Napoleón Bonaparte foi fillo do abogado Carlos Bonaparte e Leticia Ramolino, ambos descendentes de familias nobres, pero sen fortuna. O muchacho estudou na Escola Militar de Brienne, en Aube, e despois na Escola Militar de París, onde obtivo o grao desubteniente de artillería.

Unha acertada estratexia durante o sitio de Tolón, en 1793, deu o triunfo ás tropas que él guiaba como capitán de artillería, e gañou así o ascenso a xeneral de brigada.

Logo, en 1795 defendeu á Convención fronte ós realistas, obtivo un novo triunfo de gran importancia para a causa, e foi promovido a xeneral de división.

O ano seguinte, ocorreron dous acontecementos que cambiaron a vida do talento-so militar que era Napoleón

Bonaparte: casouse con Josefina Beauharnais, e lle foi concedido o mando do exército de Italia como estratega intuitivo supo transformar.

Devolveu ás milicias desmoralizadas e en bancarrota a súa enerxía e confianza, para ir tras novos e importantes triunfos. Venceu a Austria, logo instituíu a República Romana en 1798 e máis tarde dirixiu a súa atención hacia Inglaterra.

En medio do torbellino da loita contra os ingleses, violentáronse as divisións entre os grupos antagónicos de Francia e Napoleón regresou para facerse cargo da situación. Fixose nomear primer cónsul.

Unha vez seguro o poder, seguiu en campaña, fixo a paz con austríacos e ingleses e de novo volveu a Francia para reorganizalo.

En 1802 foi nomeado cónsul vitalicio e dous anos despois coronado emperador nunha fastuosa cerimonia en Notre Dame, na cual arrebatou das mans do papa Pío VII a coroa para colocala el mesmo sobre a súa cabeza.

Como gobernante implantou unha política dura, sen liberdades e represora contra os opositores, ligou á Igrexa co Estado, creou o franco como moeda, estableceu o sistema de prefecturas e creou os liceos. Asimesmo, mandou redactar o código civil coñecido como Código de Napoleón.

Hacia o exterior, concibiu o proxecto dun sistema continental europeo unificado, con exclusión de Inglaterra e coa hexemonía de Francia, o que lle xenerou conflitos cos principais soberanos de Europa.

No ámbito militar, integrou a Grand Armée, que chegou a ser o mellor exército e o máis temido do seu tempo. De feito, gracias a este acerto logrou sobrelevar a difícil situación que a súa intención expansionista lle xenerou con outros países.

En 1809, venceu a Austria, divorciouse de Xosefina e se casou con María Luisa, filla do emperador austríaco.

No inicio da debacle de Napoleón foi en 1812 cando pretendeu dar solución militar ós seus desacordos con Rusia. O seu poderoso exército foi vencido pola fame, o cansanzo e o frío. Un ano despois, foi derrotado novamente en Leipzig e en España.

En 1814, unha invasión a Francia o levou a abdicar e foi relegado á illa de Elba.

Fixo un novo intento por tomar o poder. En marzo de 1815 desembarcou en Francia, co que deu inicio a xornada coñecida como os Cen Días. O rei borbón Luis XVIII huiu a Bélxica e Napoleón retomou o poder que conservou só ata o mes de xunio cando foi definitivamente vencido na batalla de Waterloo.

Unha vez que se rendiu ante os ingleses, foi enviado a illa de Santa Elena onde morreu en 1821.